



## ANUNCIO

**Asunto:** Constitución do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo, grupo IV, coa denominación Auxiliar administrativo, OEP extraordinaria 2022 (estabilización de emprego temporal)

**Expediente TEDEC:** 2022/E001/000007

O 27.12.2022, BOP núm. 244, publicáronse as Bases, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 20.12.2022, que rexen esta convocatoria.

O 10.11.2023, BOP núm. 215, publicouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a cobertura en propiedade do proceso de referencia que inclúe a designación dos membros do tribunal e comunícalle ao seu Presidente que proceda a convocalo para realizar a súa sesión constitutiva e inicio do concurso.

De acordo coa Base sexta, apartados 2 e 3 das Bases que rexen o proceso, débese publicar o lugar, data e hora de constitución tribunal no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e web municipal.

É polo que, publícase para xeral coñecemento que o 06.03.2023, o Presidente do Tribunal convocou aos seus membros á sesión constitutiva e inicio do desenvolvemento do proceso selectivo mediante concurso, que terá lugar o vindeiro martes 19.03.2024, ás 10.00 h, no Salón de Actos da Casa do Concello.

Neda, 6 de marzo de 2024.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Ángel Alvaríño Saavedra.